

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE ABRIL DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de marzo de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras:, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Baza Podereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para modificación de vivanda unifamiliar con ampliación en planta baixa para bodega, cuarto de instalación e aseo, en edificio con licenza urbanística 88/17 e 149/18, no núcleo rural tradicional de Porto Meilán, parroquia de Santa María Madanela de Adai (exp. 2021/Y001/000043) e para rehabilitación e mellora enerxética das fachadas exteriores de vivanda unifamiliar: implantación sistema de illamento exterior (sate) en todas as fachadas e substitución das carpinterías, no lugar da Vila, Rubiás, número 5 (exp. 2021/Y001/000206).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición no expdidente de contratación da subministración de dez marquesiñas. exp. ref. 2021-C004-000039.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da subministración dun camión volquete usado con grúa para o parque móbil e a apertura do procedemento de contratación. exp. ref. 2022/C004/000006.

3. PERSOAL.- Acórdase a modificación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de arquitecto/a, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OPE 2018).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac9213711242746160157.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-4-2022

Tamén se acorda a modificación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de arquitecto/a técnico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN TERRITORIAL

4. MEDIO AMBIENTE.- acórdase a convocatoria do procedemento para o outorgamento de autorizacións de uso dos hortos urbanos municipais no parque dos paxariños; ano 2021 e a aprobación da listaxe provisional de adxudicatarios.

Tamén se acorda a aprobación inicial do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Lugo (PMPDIF).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación proxecto, solicitude subvención e compromiso con financiamento do obradoiro de emprego Lugo sostible 5.0.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.